



CAMPO DE VOLUNTARIADO "VIAXA POLA ISTORIA"

RIBADAVIA (OURENSE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PAZAS
4-15/07/2025	18-30	Estatal	Festival e cultural	15

LOCALIZACIÓN

Ribadavia é unha vila da provincia de Ourense, pertencente á comarca do Ribeiro.

Ribadavia está ligada non só ao viño, tamén á presenza do pobo hebreo. A súa xudería é a máis relevante de Galicia, tanto pola importancia que tivo como polo seu estado de conservación.



DESCRICIÓN

Este campo de voluntariado de carácter "cultural e festival", apoiará o proceso de organización dunha Festa de Interese Turístico Nacional, como é a Festa da *Istoria*, na cal resalta o carácter cultural da festividade.

Nesta Festividade de exaltación cultural, a *Istoria* permite coñecer oficios que hoxe en día están en decadencia ou xa esquecidos, tales como ferreiros, carpinteiros, toneleiros, canteiros, cesteiros e un longo etcétera de tradicións artesanais populares de grande incidencia na historia económica de Galicia, sen esquecer a importancia do viño do Ribeiro.

Pódense clasificar os traballos que se van desenvolver en dúas áreas de actuación:

A) Preparación dos elementos ornamentais da caracterización para a "Festa da *Istoria*", centrándose na restauración de material que se atopa desfasado ou deteriorado, así como a ampliación de recursos que sexan solicitados (nova cartelería, material para as animacións...).

B) Elaboración de recursos turísticos para a dinamización da vila de Ribadavia máis alá da "Festa da *Istoria*". Diseñárase un evento de rol en vivo, no que as persoas voluntarias do campo de voluntariado diseñarán unha trama que despois interpretarán interactuando directamente con participantes locais que se unan á actividade.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Obradoiros de baile e música tradicional e participación nunha foliada; artesanía: cestería e coiro; de refugallo para a elaboración de xoguetes medievais
- Visita guiada por Ribadavia, aproveitando os recursos turísticos actuais da vila
- Descubertas nocturnas
- Visita ás termas de Prexigueiro
- Vídeo-fórum
- Saídas ás Pozas de Melón e San Cibrao



COMO CHEGAR

Ribadavia conta con estación de tren. A mellor opción de achegarse a Ribadavia é facelo vía Ourense (en autobús ou en tren) e dende Ourense con www.monbus.es por estrada ou en tren.

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Albergue pertencente ao Convento e Igrexa de Santo Antonio

INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día do campo, a partir das 16.00 h no lugar de aloxamento.

O campo remata o último día despois do almorzo.



COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acolledora ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

QUE TRAER

- Útiles de aseo e toalla de ducha
- Saco de durmir, esteira e mochila para rutas
- Calzado adecuado para montaña e calzado deportivo
- Roupas: de deporte (suadoiros), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa adecuada para poder realizar o traballo con choiva ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (guantes, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...)

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude:

camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude de Ourense:

camposourense.xuventude@xunta.gal

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.

b) Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.

c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude.

